

Arxentina: ¿por que non se foron todos?

Alberto Arce

Neste artigo pretendo iluminar un pouco algunhas das cuestións que converteron este país no suxeito das múltiples olladas internacionais ó longo do último ano e medio. Voume centrar en explicar como a convulsión política producida pola caída do goberno da Alianza, presidido por Fernando De La Rúa, en decembro de 2001, se ben racha con determinadas tendencias na lóxica do sistema político arxentino da democracia, está lonxe de supor a ruptura ou a superación do seu sistema de partidos ou do seu modelo de organización estatal. Quero tamén explicar que, pese ó fracaso a medio prazo da consigna “Que se vaian todos” –referida á clase política dirixente–, diversas dinámicas sociais que veñen xestándose dende hai case unha década apuntan á posibilidade de que novas forzas ou movementos políticos pasen a ocupar posicións relevantes no sistema. Quizais non se teña ido ningún aínda, pero á vista dos cambios producidos, queda aberto o camiño para que teñan lugar fondas transformacións sociais e políticas que van máis alá de quen ocupe a cadeira de Casa Rosada. Implican á sociedade arxentina, ó país no seu conxunto e non só á clase media, urbana e cosmopolita, que ata o momento capitalizou os diversos escenarios de representación económica e política. O país ve coma os seus cimentos se cambalean e diversos escenarios, rupturistas e continuísta, alternativamente se instalan na axenda e o debate público sen que ningún deles consiga imporse con claridade sobre os demais. Nas verbas de Carlos Menem: “Hoxe Arxentina camiña sobre escombros”.

O fracaso do “argentinazo” do 20 de decembro de 2001

Arxentina converteuse en foco de atención internacional dende decembro de 2001 por dous motivos básicos: a intensidade da crise económica, política e social que sofre o país e o traumático da caída do goberno de Fernando De La Rúa e dos feitos acontecidos con posterioridade: Cinco presidentes en dez días, fin da convertibilidade dólar-peso e devaluación deste máis dun 60% default da débeda, declaración das leis de emerxencia, cidadáns que vían confiscados os seus aforros, etc... todos estes sucesos, xunto co lema “que se vaian todos” xeneralizado transmitían cara ó exterior a idea de que algo estaba mudando no país. A convulsión social, a ocupación da rúa por parte dos piqueteiros, a violación do dereito á propiedade privada, a cancelación das execucións hipotecarias, os apagóns eléctricos provocados polas empresas na súa negociación co goberno. Todo apuntaba a que dunha vez por todas, os cidadáns tiñan motivos máis ca suficientes para plantarse diante da súa clase política, esixir un cambio de rumbo e depura-las responsabilidades certas dunha clase dirixente que

arruinara o país. Pero isto non sucedeu en caso ningún. ¿Pode chegar a suceder? É practicamente imposible aventuralo. O que si se pode afirmar categoricamente é que non só non se foi ningún senón que todos quedaron, con maior ou menor rexeitamento popular, e cunhas eleccións que supoñen pouco máis que unha perpetuación no poder dalgunha das múltiples faccións, xa sexa esta de orixe peronista ou radical, que contribuíron a levar ó país ó estado no que se atopa. ¿Onde quedaron as pretendidas dinámicas “revolucionarias” que erroneamente se identificaban nalgún momento dende o exterior?

O factor “estructural” da crise económica e social non é característico da Arxentina. No contexto de América Latina, a crise é global e non se circunscribe á Arxentina. Brasil, Ecuador, Colombia, Paraguai, Bolivia son países que, cada un en diferente grao, comparten coa Arxentina severas crises de lexitimidade das súas institucións, relacións cos militares pendentes de solución, desigualdades sociais abrumadoras, cuestións respecto da poboación rural e indíxena e un problema de débeda externa que condiciona fortemente tódolos seus desenvolvementos políticos e económicos.

En troques, un dos trazos específicos do caso arxentino é o abraiante das escenas de pobreza e violencia que todos temos observado ó longo deste ano e que contrastan coa percepción xeneralizada e preexistente da Arxentina como país desenvolvido e cheo de riquezas naturais e a súa inclusión no imaxinario colectivo como o país máis “europeo” de América xunto con Chile. A fuxida en helicóptero dun presidente que deixa un palacio de goberno asediado por milleiros de manifestantes, a represión policial das protestas, con mortos incluídos, as imaxes dos saqueos na capital, o drama dunha desnutrición, que ata entón só asociábamos coa África negra, paradigma do subdesenvolvemento, levaron a moitos a pensar que na Arxentina se estaba a vivir unha auténtica revolución popular provocada por unha situación que tornara insostible. E sen descartar a parte de verdade que esta afirmación contén, esta é incompleta. A revolución non foi nin tan popular nin tan espontánea como se cre e a situación económica non era probablemente máis insostible que a de seis meses atrás, a dun ano e medio máis tarde ou a dalgún dos seus veciños. ¿Cal é a especificidade do caso arxentino?

Na crise deste país, a diferenza dos seus veciños (aínda que en Bolivia podería estar a piques de acontecer o mesmo) xorde a idea do “Argentinazo”: unha poboación que se ergue espontaneamente trala declaración do estado de sitio, ocupa as rúas e a Praza de Maio recuperando dentro do repertorio de modos da protesta social o “cacerolazo” (o “cacerolazo” foi utilizado por vez primeira pola dereita chilena para protestar contra o goberno de Salvador Allende) e protesta contra os seus gobernantes corruptos ó berro de “Que se vayan todos, que non quede nin un só”, provocando a caída do goberno da Alianza. ¿Qué persoas estaban alí aqueles días?, ¿cal foi a novidade, se é que a houbo, desas mobilizacións?, ¿qué podemos aprender do que entón pasou?

De la Rúa non caeu por unha soa causa como algúns pensan coa lóxica binaria que enfrontaría un goberno incompetente cunha sociedade cansa pero responsable.

Conflúen múltiples factores de entre os que non todos foron suficientemente valorados: a súa manifesta incapacidade para gobernar, a quebra da Alianza –coalición que o sustiña no poder– as medidas catastróficas do ministro Cavallo que precipitaron a bancarrota do país, por outra banda inevitable, e sen dúbida a explosión das capas medias urbanas e sectores desposuídos dos seus aforros. Tocáronlle o peto á cidadanía. Violaron o dereito da propiedade. No país desapareceron 30.000 persoas, producíronse fraudes electorais, sufriuse a hiperinflación, pero nunca se chegara tan directamente a quitarlle á xente os seus cartos. E así como todo o demais puido ser máis ou menos perdoado e introducido no “debe” da clase política sustentada por unha das cidadanías máis pacientes e desmemoriadas do planeta, se hai algo que puido motivar a estraña unión da clase media-alta e os grupos de esquerda organizados durante aquel tráxico mes de decembro de 2001 foi que lle confiscaran os cartos a quen xa tiña planeadas as súas compras de Nadal e a súa próxima viaxe de vacacións. Todo aquel que queira constatar de modo claro cómo se pode conseguir unha verdadeira unión interclasista da poboación para derrubar un goberno dende a rúa debería entendela singularidade do caso arxentino. Polo menos neste país non hai vulneración democrática, non hai defensa dos dereitos humanos ou do medio que non poida ser perdoada ou exorcizada a través das urnas e na protesta controlada. Pero cando se trata de tocar os cartos da poboación calquera goberno pode caer. Mesmo aquel que asumira o compromiso compartido por gran parte do país de camiñar cara diante con austeridade e ilusión por rachar co pasado. A cidadanía arxentina soportou situacións de tal indecencia por parte da súa clase política, que xa todos pensaban que nada podía facer caer ó goberno. Os que pensaban esto equivocáronse. A xente saíu á rúa e o goberno caeu.

De La Rúa non só dimitiu polo estoupido popular, senón porque non ten apoios para seguir gobernando, a súa coalición desapareceu e a oposición xusticialista non se amosa disposta a apoiar ó goberno. Hoxe xa poucos dubidan que no comezo dos disturbios de decembro xogaron un papel moi importante os punteiros políticos que respondían ó Duhaldismo na Provincia de Bos Aires. As masas que comezan a saquealo comercio, primeiro no conurbano e máis tarde na propia cidade, estaban organizadas por militantes peronistas e contaron coa liberación do control policial en determinadas zonas. A estrutura de seguridade da provincia, controlada polo Partido Justicialista, foi cómplice por omisión de que se fose instalando un clima de anarquía entre a poboación que xustificase e permitise o incremento da protesta popular contra o goberno. Trala caída da Alianza, catro presidentes provisionais (todos do partido Justicialista) se suceden nos días que van do 20 de decembro ó 1 de xaneiro e finalmente Eduardo Duhalde consegue ser elixido para o mandato constitucional do presidente saínte, que remata en decembro de 2003. Tódolos argumentos péchanse en que o peronismo, en medio dun intenso clamor popular de rexeitamento da clase política, logra xustificar que a súa estrutura partidaria e de relacións cos diversos poderes establecidos no país, é a única capaz de prover dun “bombeiro” como o actual Presidente gusta definirse a si mesmo para endereza-la situación. Non obstante, o propio

Duhalde, acosado por problemas de fondo que só poden ser resoltos a longo prazo, entende que non está en situación de camiñar nunha dirección diferente á do pacificador e encauzador da situación e decide adianta-las eleccións a abril namentres ve como o seu propio partido se fractura e presenta tres candidatos enfrontados.

Case un ano e medio despois da caída da Alianza, ningún dos actores políticos relevantes foi máis alá do propio De La Rúa, e tódolos candidatos para as eleccións presidenciais de abril e maio de 2003 tiveron unha participación relevante na política dos últimos anos. Temos seis candidatos presidenciais. Tres peronistas e tres exradicais (Menem e Rodríguez Saá foron presidentes; Kirchner, gobernador; López Murphy, ministro de Economía de De La Rúa; Elisa Carrió, deputada do radicalismo e Leopoldo Moreau, ministro de Alfonsín).

Gustaríame citar como exemplo da indefinición política na que se atopa sumido o país unha definición do proxecto do candidato oficialista do peronismo á Presidencia, Néstor Kirchner, feita por un dos seus máis achegados colaboradores: “O proxecto nacional debe ser popular, no senso movementista, onde teñan cabida dende conservadores populares e liberais progresistas ata unha esquerda nacional distribucionista. A convocatoria deberá seguir sendo a nosa bandeira⁽¹⁾”. Para quen saiba entender.

Norma Giarraca conxectura, referíndose á proposta social na Arxentina, que os acontecementos de protesta gardan un vencello directo con situacións particulares percibidas como situación de inxustiza, pero poden estar inscritas en situacións de longa duración. Existe un repertorio de accións de protesta cívica cun horizonte que é a longo prazo; baséase na desobediencia civil, non na loita revolucionaria⁽²⁾.

O 20 de decembro é, polo tanto, unha consecuencia directa das medidas económicas implantadas durante o último mes de goberno de De La Rúa. Especialmente do corralito. A retención dos fondos dos aforradores e o persistente rumor de que a moeda vai ser desvalorizada, medidas que inciden directamente sobre a vida diaria de gran número de arxentinos de clase media, provocan que a poboación comece a ocupa-las rúas do centro da capital de maneira evidente. Esta situación, concreta e particular, coincide cun movemento aínda non clarificado polo cal, determinados grupos, organizados ou non, e sen conexión con esta clase media que ocupa as rúas brandindo as súas *cacerolas*, comezan a saquear supermercados nos barrios máis humildes do Gran Buenos Aires. Dous elementos que conflúen: clase media e clase alta, que espontaneamente reclaman a devolución do seu diñeiro, e clases populares que sen motivos concretos nin variacións nas súas situacións de pobreza prolongada, utilizan a violencia para asaltar os comercios probablemente pulados e organizados en certo modo por sectores políticos peronistas.

Almond explica que poden manifestarse desequilibrios e se poden provocar revoltas populares nas que diversos actores teñen pouca relación entre si. As peticións

(1) Rafael Bielsa, candidato oficialista a Jefe de Gobierno de Buenos Aires, Revista Debate, marzo de 2003.

(2) GIARRACA, Norma: *La protesta social en Argentina*, Buenos Aires, 2001, Alianza Editorial.

son difusas (que se vaian todos) e se limitan a expresar malestares populares. Non hai un interese común consciente, se ben logo se lles poden atribuír intereses particulares. E na atribución destes intereses particulares é onde se ten cometido, ao meu xuízo, a gran equivocación. Máis alá de que se precisase da simplificación e redución a slogan da convulsión social que o país viviu, temos que entender que non se estaba a pedir un cambio de réxime senón simplemente a defensa dun “statu quo” que un goberno determinado pretendeu alterar. Un ano e medio despois e en vista das enquisas de intención de voto, nin se culpou ós responsables históricos de chegar á situación obxecto das protestas, nin se pretende evitar que estes volvan ó goberno. Un pobo sen memoria como o arxentino amósanos que ten perdido totalmente a capacidade de crer na súa influencia sobre a clase política.

Pode concluírse no que respecta ós sucesos do 20 de decembro, que estes non se poden cualificar de cambio revolucionario, senón de simple confluencia no espacio e o tempo dos intereses de grupos case contrapostos fronte a quen se presenta como inimigo común e conxuntural. O goberno de Alianza, que retén e pon en perigo o valor do diñeiro da clase media e o Goberno, xa sen etiquetas partidarias, radical ou peronista, que non ten feito nada por solucionar a fame e desocupación das clases populares.

Ó longo de 2002 determinadas medidas económicas estabilizan á baixa a situación da clase media e se amosan incapaces de solucionar a cuestión insostible das clases populares. O efecto inmediato é que, se ben de xeito decrecente, a clase media ten ocupado e segue a ocupar (aínda que cada vez en menor medida) as rúas en cacerolazos e protestas pola devolución dos seus fondos ou a suspensión das execucións hipotecarias. Ó mesmo tempo, os grupos máis combativos do movemento piqueteiro teñen trazado e establecen continúaos xaques ó goberno a través dos cortes de rota que colapsan semanalmente o tráfico na capital con demandas encamiñadas á creación de postos de traballo ou ó aumento dos subsidios ós traballadores e familias desempregadas. A rúa é dos que protestan, cunha intensidade e frecuencia moi altos. O goberno non se sente lexitimado a utilizar a forza para frear estas mobilizacións e permite con esta actitude que as protestas se multipliquen e continúen no tempo, impedindo que se restableza a normalidade institucional no país.

A economía

En canto á economía, as cifras empeoraron dramaticamente ó longo do ano 2002, o desemprego rolda o 20% e o subemprego atinxe preto do 13% da poboación activa. A inflación situouse no 41% en 2002 e a recuperación económica se está baseando, entre outros aspectos, na recuperación das exportacións e as ganancias dunha balanza comercial que, segundo datos oficiais, se atopa concentrada en mans de empresas estranxeiras. Arxentina acumula unha débeda externa que supón o 130% do seu PIB, que á súa vez acumula tres anos continuados de retroceso (0,8%, 4,5% e

10,9% dende 2000 ata 2002) e de cara ó ano 2003 deberá acometer unha serie de reformas na súa economía que nos levan a presumir que o axuste será longo. Os acordos asinados co FMI deseñan un escenario económico que non ten por que ser necesariamente o que xeralice políticas redistributivas que aumenten o grao de xustiza social na redistribución de ingresos do país. O vindeiro 9 de setembro a Arxentina ten un compromiso internacional que afectará ás promesas de campaña e ás decisións económicas inmediatas do goberno que se elixa. Nesa data, o país debe afrontar-lo pagamento do primeiro vencemento ó FMI e xirar ó exterior US\$ 3.391 millóns do servizo da débeda pública. O volume do compromiso recorta tódolos prazos para comezar unha negociación profunda e seria co FMI. Porque a única posibilidade viable de superar ese compromiso é iniciar a finais de maio unha refinanciación dese vencemento con Washington. Entre setembro e decembro hai vencementos por US\$ 6.167 millóns. Outras opcións terían un altísimo custo. Pagar esa cantidade implicaría reducir drasticamente as reservas e pór Arxentina unha vez máis ó borde do risco dunha hiperinflación. Pero non aboa-lo vencemento podería facer retroceder-la crise económica ó tembladeral de finais de 2001 con consecuencias imprevisibles.

Os factores da protesta popular cómpre engadir un complot con obxectivos económicos e políticos moi precisos: favorecer ós sectores exportadores do gran capital e manter-los intereses da corporación política formada polo *Justicialismo* e o radicalismo, que logrou superar o “que se vaian todos⁽³⁾”. Nun proceso progresivo de separación entre cidadanía e clase política que vén dende mediados do século pasado e que ten a súa culminación na dictadura militar de 1976, máis unha vez, a clase política apáñase para decidir e deseña-lo futuro do país de costas ós anhelos dunha poboación, que vendo vulnerados os seus dereitos dunha maneira tan irreal e respondendo cun estoupido tan violento como episódico, non pode máis que aparecer nalgunha das múltiples interpretacións posibles como cómplice do seu propio estrangulamento. No ano 2001 saíron capitais do país por preto de US\$ 30.000 millóns. Nove de cada dez corresponderon a empresas, o 70% das cales integra o grupo das 200 maiores do país e inclúe ás grandes exportadoras, ás principais privatizadas de servizos e petróleo e a 37 dos 50 primeiros debedores bancarios que en 2002 pesificaron 1 a 1 débedas por US\$ 5.054 millóns, e que en 2001 transferiron ó exterior US\$ 6.087 millóns, o que indica que as empresas (e o país, por extensión) estaban en condicións de afrontar-los seus compromisos⁽⁴⁾. Decidiron non facelo, o goberno de quenda llo permitiu, e agora, no momento no que deberían comezar a depurarse responsabilidades colectivas polo baleiro do país, tampouco ningún líder político está encarando esta cuestión de vital importancia. O saqueo do país continua e ninguén fai por impedilo.

Por outra banda, os motivos aducidos polo goberno para falar dun “*veranito* económico” sen ser descartables, non xustifican automaticamente que a crise teña

(3) BONASSO, Miguel: *El palacio y la calle*, Buenos Aires, 2002. Editorial Planeta.

(4) Horacio Verbitsky, Páxina 12, 12 de abril 2003.

rematado ou que a poboación arxentina poida limitarse a agardar que os efectos da recuperación económica comecen a filtrarse dende o vértice da pirámide á base. E nunha situación social tensa, como a actual, o paso do tempo xoga en contra da estabilidade e da normal substitución dun goberno por outro. Independentemente do que suceda nas eleccións, e a raíz do superficial do debate programático que estamos a vivir, non existe unha idea sobre o xeito en que se vai saír da crise, a poboación nin sequera agarda que a súa situación vaia mellorar no medio prazo e a negociacións coas IFI's foron postergadas ata finais de ano. Arxentina ten un problema político e de lexitimidade das súas estruturas democráticas. E mentres isto non se solucione, non poderán acometerse as medidas necesarias para que o país levante o voo de novo.

A continuidade política

Como concepto sociolóxico, a desorganización se refire ó fracaso dos organismos institucionais, á desintegración dos vencellos e os controis que fan que o equipo social de traballo realice as súas funcións. Hai un tipo de proceso de reorganización que non é lento, continuo e inconsciente, senón súbito, episódico e espectacular. Ten tempo e lugar definido, líderes, consciencia dos seus obxectivos e invención deliberada de métodos. E a estimación dos efectos destes movementos sociais debe facerse en conxunto e tras un período longo de tempo⁽⁵⁾. A un ano e medio do “argentinazo” pode concluírse que a reorganización social non se produciu. Se ben diversos cambios coma unha progresiva disolución do sistema de partidos ou un aumento da conflictividade social si son constatables, “todo tivo que cambiar para que todo siga igual” nas tan recorridas verbas de Lampedusa.

Arxentina é unha sociedade desorganizada. Os seus dous partidos clásicos están fragmentados e a incerteza electoral é a máis alta dos últimos anos. O nivel de desconfianza da cidadanía cara a clase política é o máis alto da historia roldando o 80% (latinobarómetro). Trala primeira volta da elección presidencial, os dous candidatos máis votados non acadaron superar o 25% do voto e tres deles situáronse entre o 16% e o 14% en virtual empate técnico. A diferenza entre o primeiro e o quinto candidato non superou o 10% e a abstención e o voto nulo foron os máis baixos da historia recente (lembramos que o voto é obrigatorio). O debate político ataca o fondo do modo de organización nacional con candidatos que chaman ó exército a “ordenar” as protestas sociais dos “piqueteiros” (Menem e López Murphy), a reestatizar servizos públicos privatizados ou a manter unha relación conflictiva coas institucións financeiras internacionais (Rodríguez Saá e Carrió). Ó longo dun ano se teñen batido records en canto ás dificultades da poboación para subsistir (o 57% da poboación se atopa baixo o nivel da pobreza) e estas cuestións de fondo ocupan o centro da axenda

(5) FARIS, R.L.: *Desorganización social contemporánea*, en AMITAI e ETZIONI, Eva: *Los cambios sociales*, México, 1995, FCE.

política a raíz dos sucesos do 20 de decembro. Os que actúan dentro e fóra do sistema sitúanse a medida que pasa o tempo en posicións máis afastadas e bosquexan unha polarización que, se ben viña encubándose dende os anos 90, ten chegado a un punto no que dificilmente pode atopar vieiros de resolución dialogados e non traumáticos. Especialmente incomprensible para o observador externo é a situación do expresidente Menem, con máis posibilidades de volver á Casa Rosada a medida que pasa o tempo. Incomprensible é tamén que se produzan feitos como os vividos nas eleccións de Catamarca onde o candidato xusticialista, que tiña prohibido pola xustiza ser candidato a Gobernador, enviou manifestantes o día das eleccións a queimar, literalmente, as urnas, como tiña anunciado en público que sucedería caso de non adaptarse a decisión dos tribunais ás súas intencións. O senador Barrionuevo foi posteriormente defendido publicamente da expulsión da Cámara de Representantes da Nación ou de calquera sanción polos seus compañeiros peronistas. E este é o partido que ten o 60% do voto do país. Os políticos seguen a comportarse con modos dictatoriais e mafiosos e a mesma poboación que protestaba nas rúas na súa contra se dispón a votalos unha vez máis.

O sistema político na súa vertente electoral, representado nas súas novas variantes por actores do pasado, non ten unha relación estable cos novos modos de organización social. O diálogo, se ben existe, débese máis á necesidade do goberno de conter a protesta social, que á posibilidade de reformas que integren aos sectores combativos no sistema. O método utilizado polo goberno para conter aos piqueiros mediante a concesión de subsidios (planes *jefes de hogar y trabajar*), lles permite a estes manterse e reproducirse sobre o convencemento de que as mobilizacións e a presión nas rúas son o seu mellor instrumento de actuación política. A situación económica é tan feble e dependente do financiamento externo que calquera choque económico podería pór en perigo os fondos que se destinan á contención social ou provocar algunha nova crise de liquidez ou desbandada do dólar. Isto tería consecuencias graves para o goberno que incumprise ou recortase os subsidios ou atacase novamente o poder adquisitivo da poboación. Na Arxentina non poden descartarse novos 20 de decembro.

As organizacións que protestan

Os sindicatos foron perdendo forza dende a recuperación da democracia, debido ó proceso de privatizacións e á erosión da súa lexitimidade pola súa reprodución dos peores comportamentos da clase política. O nivel de afiliación entre a poboación activa sitúase en torno ó 20%. A maior parte da afiliación dos sindicatos tradicionais provén da administración pública e da banca, e se basea no seu control do sistema de saúde e nas súas “obras sociais⁽⁶⁾”. Na industria pesada e siderurxia segue

(6) MORA ARAUJO, Manuel: *La estructura social de Argentina*, Buenos Aires, 2003, CEPAL.


existindo un sindicalismo clásico controlado en gran medida pola CGT histórica que se sitúa alternativamente na órbita do candidato populista Rodríguez Saá ou na do expresidente Menem, pero que ten perdido a súa tradicional capacidade mobilizadora en detrimento dunha organización con máis peso na esquerda e na sociedade, a Central de Trabajadores Argentinos. Esta organización, á súa vez aparece relacionada co sistema político de xeito máis ou menos evidente en posturas non moi afastadas da pretendida candidata de centro esquerda do ARI, Elisa Carrió e co movemento popular de protesta a través dunha organización piqueteira, a FTV (Federación Tierra y Vivienda). No seu último congreso decidiron emprender a formación dun movemento de carácter político que aglutine á esquerda do país, dende as Madres da Praza de Maio ata membros do Congreso nacional pasando por movementos piqueteiros. Pero máis alá da súa declaración de intencións e dos seus máis ou menos sólidos apoios, teñen decidido traballar no longo prazo e non participar neste proceso electoral no que poderían representar ao votante con pretensións de “que se vaian todos”.

Os piqueteiros apareceron no interior da Arxentina a mediados dos anos 90 a raíz dos cortes de rotas (piquete enténdese como sinónimo de corte de rota na Arxentina). Poboacións da Provincia de Salta protestaban contra o abandono que sofren por parte do goberno nacional e a situación insostible xerada pola privatización de YPF en prol de Repsol e se estenden rapidamente por todo o país ata chegar a Bos Aires, onde actualmente teñen máis peso. O movemento piqueteiro, a medida que aumenta, gaña presenza e representatividade e se divide en diversas organizacións que xogan roles diferentes na realidade política do país. O movemento piqueteiro non é un bloque único cunha una dirección política recoñecible senón que o conforman organizacións con orixes plurais, dende a autoorganización barrial ata as dinámicas xeradas por partidos de esquerda ou sindicatos xa establecidos. Teñen diversas interpretacións da realidade e diferentes métodos de loita. Pese ás tentativas por facelos confluír nunha plataforma única, (Congreso Nacional Piquetero de principios de 2001), seguen divididos en varias organizacións e tendencias que actúan baixo un mesmo nome xenérico de “piqueiros”.

Por unha banda, organizacións máis estruturadas (principalmente a Federación Tierra y Vivienda FTV vencellada á Central de Trabajadores Argentinos CTA, a Corriente Clasista y Combativa CCC, o Polo Obrero e o Movimiento Teresa Rodríguez MTR) que operan a partir dun pensamento que deriva as súas premisas dos termos de “globalidade”, “estructura socioeconómica” e “conxuntura⁽⁷⁾”. Participan do sistema político a través de cargos electos. Pero non tódalas posicións son homoxéneas. Están atravesadas polo eixo tradicional de “reforma ou revolución”. Por outra banda, nas organizacións menos estruturadas o panorama non é menos heteroxéneo. Entre estas últimas atópase a experiencia da Coordinadora de Trabajadores Desocupados (CTD) Aníbal Verón e do Movimiento de Trabajadores de Desocupados (MTD). Subtráense dos termos clásicos do debate entre reforma e revolución. A

(7) *Multiplidad y contrapoder en la experiencia piquetera*, Colectivo Situaciones, Buenos Aires, 2002.

característica desa operación é a autoafirmación e as prácticas de contrapoder. Coa xeneralización do fenómeno piqueteiro as organizacións políticas montaron os seus dispositivos para lle facer fronte –cooptar ou combater, segundo os casos– á emerxencia. Partidos tradicionais ou de esquerda, igrexas e sindicatos advertiron a aparición deste movemento e se achegaron coa intención de capturar a súa potencia.



Os piqueteiros estaban nas rúas dende mediados dos anos 90 e foron a forza de choque dos sucesos de decembro de 2001. Os piqueteiros representaban ás clases máis desfavorecidas polos dez anos de menemismo e o modelo neoliberal implantado no país. As vilas miseria que rodean tódalas grandes cidades da Arxentina non son só un escenario de exclusión, pobreza e marxinalidade senón tamén un foco de organización política que podería ser interpretado como suceso revolucionario dende unha lectura clásica e simplista da realidade. Un movemento que xorde precisamente debido ao abandono que os máis pobres sofren por parte dun estado en retirada, é precisamente o mellor exemplo a través do que explica-la incapacidade da organización política alternativa de producir cambios no país. O 57% de arxentinos que viven por baixo do nivel da pobreza (dos que preto do 30% están aínda por baixo do nivel de indixencia) nítrese en gran medida dun programa de emerxencia financiado en parte polas institucións internacionais chamado “Plan jefes de hogar”. Preto de dous millóns de persoas desempregadas reciben bonos estatais por valor de 150 pesos men-

suais (unha cifra coa que nin sequera se cubre a canastra básica alimentaria) mais que ó mesmo tempo sirve de “contedor” do estoupido social. Nestes momentos atópanse no ollo do furacán. As súas reiteradas aparicións públicas a través do corte de rota instalaron na axenda dos programas electorais a “resolución” do problema piqueteiro. As organizacións piqueteiras ás que pertencen gran parte dos desempregados son territorio de caza no cal os punteiros peronistas reparten subsidios en troques da asistencia a mobilizacións ou o voto para algún dos seus candidatos. Resulta extremadamente complicado diferenciar entre as organizacións que entran neste xogo e as que formulan un “non” rotundo ao sistema prebendario.

A situación de necesidade de gran parte da poboación é tan crítica que as súas adhesións políticas xa non teñen o prezo dunha aprobación de decisións ou programas. Véndense a cambio da comida dun día, da promesa dun traballo por uns días ou simplemente da viaxe e o vaso de viño dende o inferno da “vila de emerxencia” a calquera lugar do exterior. Isto organízase e contrólase a través da mobilización dos “punteiros”, militantes peronistas que exercen de canle de comunicación entre a dilixencia do partido e a masa de futuros votantes. E a elección presidencial, decantada en prol do peronismo de antemán mediante este tipo de organización, dependerá de que o sector do partido logre mobilizar ao maior número de punteiros mediante a concesión ou simple promesa de futuras prebendas. O intendente (alcalde) ou deputado nacional que logre mobiliza-lo maior número destes “punteiros” para o seu candidato, acadará maior número de subsidios, mellores contratos para as súas cooperativas ou directamente maior cantidade de diñeiro do futuro gañador. O candidato que triunfe na captación destes apoios se asegura a Presidencia do país.

Conclusión

Os mesmos arxentinos que saíron ao *cacerolazo* cando o seu diñeiro foi confiscado xa se retiraron unha vez máis á ardua elección entre cal dos peronistas do menú é aquel que mellor os representa. Aceptaron xa a devolución do seu diñeiro desvalorizado e se retiraron dunha protesta que era específica e particular: Devólvame o meu diñeiro. E non entenden, nin sequera toleran, que aqueles aos que se uniron nos cortes das avenidas e a ocupación da Praza de Maio, sigan protestando porque nin hai un ano e medio tiñan perspectiva de futuro nin a teñen agora. Abraia ver como varios candidatos (Menem, López Murphy) propoñen, cunha silandeira aprobación expresada nas súas intencións de voto, o “vértice verdeazul” que consiste en unir ás FFAA e á policía na loita contra a protesta. O que foi lexítimo para defende-los intereses da clase media, non o é para expresar as demandas dos desempregados. O “que se vaian todos” foi unha gran mentira que debería traducirse, visto cunha mínima perspectiva temporal en “por favor, devólvame o meu diñeiro”. Ningún dos problemas de fondo que causaron a caída do goberno da Alianza foi resolto. A aparente tranquilidade e recuperación económica na que Arxentina navega dende hai uns meses non é

máis que a acertada estratexia aplicada por Duhalde, que consiste en trasladar ó seu sucesor os problemas que non foron quen de resolver e máis cedo que tarde haberá que afrontar. ¿Canto tempo van agardar as empresas internacionais que prestan servizos públicos privatizados ou os bancos en retirarse do país se a situación non melloira? ¿Vai ser Arxentina quen de afrontar unha débeda pública que supón o 130% do seu PIB despois de que este se teña visto reducido nun 20% nos últimos tres anos?

Non é previsible ningún movemento político de longo alcance ou que supoña unha transformación real da situación. Ningún dos membros da clase política ten a menor intención de irse, os cidadáns non amosan máis que unha desafección superficial polos seus dirixentes e nas eleccións se verán obrigados a elixir entre os mesmos candidatos e os mesmos programas dos últimos 20 anos e cabe finalizar coa reflexión do filósofo arxentino Enrique Novailles: “*Os nosos representantes, na medida en que son elixidos, son gratificantes e funcionais á sociedade que os designa: deléitannos secretamente porque absorben coma un buraco negro tódolos trazos negativos da sociedade, alíviannos porque eclipsan coa súa corrupción macro tódalas formas de corrupción micro nas que se move a sociedade, protéxennos dos nosos propios desperdicios oficiando de zona de arroxos dos nosos refugallos e nos poñen a salvo da nosa viralidade porque nos permiten eliminar as sustancias nocivas do noso organismo pola vía da súa colocación na esfera colectiva*”.

Quizais sexa esta a afirmación que se ten sentado sobre o medo de correr ó berro de “que se vaian todos, que non quede nin un só”. Celebrada a primeira volta das eleccións presidenciais coa victoria, se ben por unha escasa marxe, de Carlos Menem, e a suma entre os tres candidatos peronistas, do 60% do voto, non se pode máis que ratificar todo o anterior. Se o temor a que Menem volva se materializa no voto útil en prol de Néstor Kirchner, este terá que centrarse en resolver os problemas que o país afronta cunha lexitimidade prestada (os seus apoios serán os dun mal menor e non os da confianza nun programa) nun contexto de alta conflictividade social, demanda de cumprimentos internacionais por parte das IFI's e unha economía que, pese ó que moitos pretenden ver, non acaba de ergue-lo voo.

Alberto Arce é politólogo e becario de análise macro na Oficina Económica y Comercial da Embaixada de España en Arxentina.

P.D. O presente traballo foi escrito antes de que Menem renunciase ao ballotage. As súas reflexións manteñen vixencia.